


## AS "PÁXINAS EN SERVIDOR":

Dende a versión 6 Ardora conta cun novo tipo de páxinas chamadas "páxinas en servidor", son espazos encamiñados ao **traballo colaborativo** do alumnado, sexa de todo o grupo de clase ou de pequenos grupos que, a diferenza do resto de actividades ou páxinas multimedia, **necesitan aloxarse nun servidor web con php**, presente hoxe



en día a práctica totalidade de servizos de hosting (non necesariamente ten que ser un servidor en Internet (consulte tutorial sobre a creación dunha intranet), estas poden estar nun servidor web dunha intranet o custo da cal, ao tratarse de software libre, é nulo).

**LICENZA DE USO:** Algúns destes apartados baséanse en "plugins" ou desenvolvementos de terceiras partes alleas a Ardora, todas elas "de código aberto", así como en modificacións feitas polo autor sobre eses códigos (mantendo o mesmo tipo de licenza) ou creacións totalmente novas, en todos os casos a licenza consta nos arquivos

creados en cada caso, normalmente na "cabeceira" dos ficheiros principais de código (normalmente ficheiros con extensión js e/ou php) ou ficheiros adxuntos.

### A VISTA PREVIA NESTAS PÁXINAS (BOTON OLLO)

Observará que nestas páxinas o botón de vista previa (botón cun ollo) está desactivado. Tal e como se comentou, estas páxinas requiren dun servidor web como Apache con PHP para poder executalas polo que Ardora necesitaría que este servidor estivese instalado no seu ordenador, na mesma web de Ardora hai un tutorial sobre a instalación deste tipo de servidor en local (no seu ordenador). Cando este servidor estea instalado no seu ordenador e tras indicar a ruta a el no menú de Utilidades - Configurar Ardora poderase realizar a vista previa de calquera das páxinas en servidor (a excepción do apartado de "Xestión de usuarios"). Se non está acostumado/á esta terminoloxía NON se deixe intimidar pola parafernalia informática, é bastante máis sinxelo do que poida parecer, simplemente instalar un programa e ter en conta un par de datos que se comentan no citado tutorial. Se realmente está interesado neste tipo de páxinas é altamente recomendable que instale este servidor.

Dado que se trata de espazos de traballo colectivo **necesítase un control sobre os usuarios** que poden acceder a eses espazos, polo que o primeiro que debemos facer é crear aos usuarios das nosas páxinas para iso recorreremos á "**Xestión de usuarios**" (consulte este manual sobre a xestión de usuarios antes de empezar a crear unha "páxina en servidor").